

Cantigas de arrieiro

- *Arrieiro do Ribeiro,
arrieiro ribeirán,
as sedes do Carballiño
¡cánto traballo che dan!*

- *Arrieiro de Moraña,
arrieiro morañés,
¡moito, arrieiro, demoras
cando cruzas con Brués!*

- *Arrieiro do Ribeiro dime,
¿qué levas na mao?
- ¡Levo unha bota de viño
para horar o San Cibrao!*

- *Arrieiro de Moraña,
¿qué te detén no camiño?
- ¡A lembranza dunha moza
que deixo no Carballiño!*

(*Cantigueiro de Orcellón, 1984*)

Manuel María

Ordeamento e axuda



Saleta Goi

III Certame de Poesía
en lingua galega

Manuel María



Casa de Galicia en Gipuzkoa

III Certame de poesía en lingua galega

Manuel María

Bases

- 1º O poema estará escrito en lingua galega e terá un máximo de noventa versos e un mínimo de corenta. Admitiranse conxuntos de poemas de temática común sempre que non excedan dos cen versos.
- 2º O poema enviarase nun sobre sen remitente nin indicación algunha referente a personalidade do autor ao seguinte enderezo:
Casa de Galicia en Gipuzkoa
(III Certame Manuel María)
Rúa Zabaleta, 28 - baixo
20002 - San Sebastián (Gipuzkoa)

Dentro, noutro sobre pechado, figurará exteriormente o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará o nome, enderezo, número do DNI, teléfono, e enderezo electrónico do autor.

- 3º As obras que se presenten deberán ser inéditas.
- 4º Os poemas enviaranse por triplicado antes do día 2 de abril de 2015.
- 5º A organización nomeará un xurado composto por persoeiros relevantes da creación e da crítica e daranse a coñecer no momento de facerse público o fallo do xurado.
- 6º Os premios fallaranse o 9 de maio de 2015. Os poemas premiados serán editados pola Casa de Galicia en Gipuzkoa na forma e no lugar que se estime axeitado.
- 7º Os premios consistirán en:
1º premio: 400 euros
2º premio: 200 euros
3º premio: 100 euros
- 8º Os premios publicaranse na web da Casa de Galicia en Gipuzkoa unha vez realizado o fallo por parte do xurado.
- 9º O feito de participar supón aceptar a resolución do xurado así como as bases do certame. O xurado poderá declarar deserto algún premio.
- 10º A Casa de Galicia en Gipuzkoa resérvase os dereitos de publicar calquera dos traballos presentados ao concurso na forma ou no medio que estime axeitado.
- 11º Non se devolverán os orixinais.